

O 'xeito Mayoral'

Montse Pena Presas



Quen matou a Inmaculada de Silva?, a nova obra de Marina Mayoral (Xerais, 2009), constitúe unha volta aos lugares, ás temáticas e mesmo aos personaxes máis transitados pola autora na súa produción galega. En Brétema (trasunto do seu Mondoñedo natal) centra o seu foco en Etel, unha adolescente de dezaseis anos interesada en averiguar qué aconteceu a noite en que morreron a súa misteriosa tía Inmaculada de Silva e Antón do Cañote, un perigoso e mítico fuxido da zona. As versións do acontecido son dispares e diversas, o que permite dotar á obra dun dos trazos máis característicos de Mayoral: o multiperspectivismo. Este vese recollido a través da escrita de Etel e dálle a oportunidade de situar ao lectorado na inmediata posguerra. Se ben os discursos das testemuñas están ben conseguidos e contan cunha coidada ambientación nos anos corenta, hai un elemento que resulta abondo inverosímil: os roles de xénero. A actual tendencia narrativa de debuxar personaxes femininos emancipados, autónomos e altamente preparados, leva á autora a caracterizar dun xeito esaxerado ás tías de Etel, outorgándolles unhas ocupacións e unha independencia que non resultan cribles para a Galiza dos anos corenta, especialmente porque entre elas semella non haber contrastes. O ímpeto de querer narrar aquel tempo incluíndo o papel das mulleres percíbese tamén no repaso polo traballo que moitas realizaron para acadar a igualdade (por exemplo, lémbrese o esforzo de Victoria Kent a prol do voto feminino).

Porén, o mergullo na historia que realiza Mayoral lévaa tamén a procurar nela a outro dos caracteres sobre os que xira a acción, creando así a unha das figuras máis poliédricas, atractivas e intrigantes do texto (que é, alén, un dos principais valores do mesmo): Antón do Cañote. Este guerrilleiro antifranquista –seguramente– está inspirado con acerto na figura de Luís Trigo Chao, ‘O Gardarríos’, un fuxido mindoniense que, ao igual ca o Cañote, practicaba

unha forza de xustiza alternativa e puido manterse no monte varios anos, ata que o asasinaron canda a súa compañeira.

Amais da trama argumental central enchida das compoñentes principais de amor e misterio das que tanto gusta a autora, hai unha incidencia no proceso de maduración da protagonista, que se visualiza a través dun maior coñecemento do pasado da súa familia, na asunción da atracción física que sente por Juancho, na súa capacidade para repensar o que lle aconteceu nos últimos anos e, igualmente, no que se ten sinalado como unha das características da literatura xuvenil: a consciencia de que no mundo hai diferentes poderes sociais cos que se debe negociar e/ou loitar. Mágoa que a teima da autora en completar o seu particular macrotexto cre unha novela cun peso excesivo da súa obra pasada: as relacións familiares escaparánselle ao lector despistado ou iniciático (pese a árbore xenealóxica que se facilite ao remate), que, porén, se gusta doutras novelas súas, gozará da viaxe aos tempos da posguerra, do amor marcado pola rutura de convencións sociais, da moza “ben” que soña con ser escritora e das diferentes visións dos acontecementos



QUEN MATOU A INMACULADA DE SILVA?

MARINA MAYORAL

XERAIS, 2009

192 páxinas

10,45 euros

transmitidas por unha única voz. Todo ao máis puro “xeito Mayoral”. O interesante final aberto deixa espazo e interrogantes para outra volta a Brétema que, de seguro, veremos. ●